

Suxestión dirixida ao Concello de Vilagarcia de Arousa no sentido de admitir a declaración xurad do interesado como proba da exclusividade na condución do seu vehículo para poder contar coa bonificación por discapacidade

Expediente: A.4.Q/9548/21

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2021

Sr. Alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don [REDACTED] con DNI [REDACTED]

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que *Ten concedido un Grao de Minusvalía do 35%; é propietario e conductor en exclusiva do vehículo con matrícula XXXXXX para o cal solicitou unha exención do IVTM. Dita exención veulle denegada por existir, na súa póliza de aseguramento (contratada coa Compañía Allianz) figura unha cláusula que fai referencia a "conductores autorizados". O señor [REDACTED] é o único conductor do vehículo e a cláusula é predeterminada en todas as pólizas da Compañía. O interesado está disposto a asinar unha Declaración Xurada de que nin él autoriza nin hai máis conductor que él mesmo do seu vehículo. O feito de que a Compañía insiste en manter o contrato tipo e que o Concello non acepta o recurso do interesado e desestima a solicitude de exención ocasiona un grave perxuizo ao interesado.*

Ante iso requirimos informe a ese Concello que xa nola remitiu. A información indica o seguinte: *Ao respecto infórmase que o interesado presentou o 25/11/2020 a solicitude de exención no IVTM, sendo desestimada por Resolución de Alcaldía porque a póliza do seguro reconece a existencia doutras persoas autorizadas para a condución do vehículo, ademais do titular do mesmo, cando non se cumpre ningún dos 3 supostos contemplados no artigo 4.3.3 da Ordenanza Fiscal N° 1.5 Reguladora do IVTM do 2020, ano da solicitude.*

O citado artigo di, para o caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade aplicarase a exención cando o suxeito pasivo do imposto aporte certificado de minusvalía onde conste, a necesidade de asistencia por terceira persoa ou limitacións para a utilización do transporte público, ou cando a porcentaxe de minusvalía fose igual ou superior ó 80%. Na instancia farase constar quen é a persoa que o asiste, sendo este o único que

figurará na póliza do seguro como condutor/a do vehículo. En caso contrario, non será de aplicación a exención solicitada. Deberá. achegarse tamén certificado de estar ó corrente do pago do imposto mediante a presentación dun certificado expedido pola Recadación Municipal de Tributos.

Por outra parte, na sesión plenaria celebrada o día 29/10/2020 acordouse a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal N° 1.5 Reguladora do IVTM. As alegacións presentadas foron estimadas na sesión plenaria do 21/12/2020 publicándose o texto no Boletín oficial da provincia de Pontevedra o 30 de decembro de 2020.

Coa modificación aprobada, para o caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade aplicarase a exención cando o suxeito pasivo do imposto aporte certificado de minusvalía no que conste algún dos seguintes supostos:

- a) Necesidade de asistencia por terceira persoa*
- b) Limitacións para a utilización do transporte público*
- c) Unha porcentaxe de minusvalía igual ou superior ao 80%.*

Esta modificación supón un avance con respecto á anterior redacción, xa que queda suprimido o parágrafo no que se esixía que o asistente do discapacitado fose a única persoa que figurase na póliza do seguro como condutor do vehículo. Ábrese así a posibilidade de que un mesmo discapacitado poda ser transportado, no seu vehículo, por distintas persoas.

Con todo, a solicitude de ██████ tampouco entraría nos supostos aplicando a ordenanza aprobada para o 2021

ANÁLISE

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe do citado *concello*, dedúcese que

PRIMEIRO. O concello de Vilagarcía inclúe, no artigo 4.d da Ordenanza Fiscal 1.5 reguladora do IVTM, exencións do mesmo para os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención en tanto se manteñan ditas circunstancias, **tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade, como aqueles destinados o seu transporte. Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con discapacidade cando esta última conste como único condutor/a na póliza do seguro do vehículo.**

SEGUNDO. O interesado, ██████, **cumple os requisitos** para que lle sexa aplicada esta exención: máis dun 33% de minusvalía debidamente certificada; o vehículo está matriculado ao seu nome e o interesado está en condicións de asegurar que vai a ser o único conductor do mesmo. O interesado manifestou a súa disposición para presentar a **declaración de uso exclusivo do vehículo** por calquera vía, dado que *a cláusula da póliza é a que ten a súa compañía predeterminada para todas as pólizas de seguros suscritas. Xa que logo, o interesado está disposto a declarar baixo a súa responsabilidade a utilización en exclusiva do vehículo por parte da persoa con certificado de minusvalía*

TERCEIRO. O interesado solicitou dita exención que lle foi denegada según consta literalment: *DESESTIMAR a exención solicitada por incumprimento do requisito nº 2. A póliza do seguro recoñece a existencia doutras persoas autorizadas para a conducción do vehículo, ademais do titular do mesmo, polo que non se cumpre a exclusividade esixida polo art. 93.1.e) do R.D.L. 2/2004.* O mencionado artigo da Lei reguladora de Facendas Locais, sinala *“Asimismo, están exentos los vehículos matriculados a nombre de minusválidos para su uso exclusivo. Esta exención se aplicará en tanto se mantengan dichas circunstancias, tanto a los vehículos conducidos por personas con discapacidad como a los destinados a su transporte”.* Porén, **non esixe que para amosar esa exclusividade a única vía sexa o que figura na póliza de seguro**, tal e como se pode comprobar repasando as Ordenanzas similares das cidades de Galicia ou doutras Comunidades Autónomas.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello seguinte **suxestión:**

Tendo en conta que a presunción da exclusividade incluída no artigo 4.d da ordenanza municipal non exclúe outra maneira de acreditar a exclusividade, valorar a aceptación da declaración xurada do interesado como medio de proba da exclusividade do uso do vehículo.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se consegue.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo